


|   |   |                |                |           |
|---|---|----------------|----------------|-----------|
|  | IES MARÍA CASARES. Departamento de Tecnoloxía |                |                | 2024-2025 |
|   | MATERIA                                       | Dixitalización |                |           |
|   | CURSO   | 4º ESO         | HORAS SEMANAIS |           |

**BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA**

Materia fundamentalmente práctica que ten o obxectivo de preparar ao alumnado no manexo de aplicacións de ofimática, de edición de imaxe e vídeo e de programación. Hai unha parte teórica de estudo do ordenador (cómo funciona e cales son os seus compoñentes fundamentais) e de seguridade informática.

**CONTIDOS**

1. Dispositivos dixitais, sistemas operativos e de comunicación
2. Creación e maquetaxe de textos
3. Presentacións dixitais
4. Edición de vídeo
5. Seguridade Dixital
6. Cidadanía dixital crítica
7. A folla de cálculo
8. Bases de datos
9. Realidade virtual aumentada e mixta
10. Programación

Para información máis detallada dos contidos consultar o extracto da programación do departamento de tecnoloxía na páxina web do Centro.

**METODOLOXÍA**

A materia afrontarase cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. Utilizarase unha metodoloxía activa con traballos prácticos que permitan adquirir e/ou mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir documentos dixitais de diverso tipo.

Para comprobar o grado de asimilación dos contidos en todas as UD farase unha proba de coñecemento individual, totalmente baseada nas tarefas realizadas. O peso da proba depende da UD que sexa pero en xeral tera un peso do 60%

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN   | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN |
|---|-----------------------------|
| Probas escritas e/ou orais =  | 60%                         |
| Outros instrumentos de avaliación   | 40%                         |
| <b>TOTAL AVALIACIÓN</b>   | <b>100%</b>                 |
| <b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA :Media das tres avaliacións</b>          |                             |
| <b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA: Proba global e /ou proxectos individuais.</b> |                             |

**VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES**

1º BAC TIC, 2º BAC TIC. Estudos de formación profesional de grao medio.